

I.- O castiñeiro no mundo

- O castiñeiro é moito mais vello que o home. Fai máis de 40 millóns de anos xa había castiñeiros na Terra. Cando apareceu por este Planeta o primeiro home (fai arredor de 2 millóns de anos) xa os castiñeiros levaban millóns de anos dando follas, sombra e castañas. O castiñeiro foi aparecendo no noso planeta como foron aparecendo as outras plantas, pouco a pouco, e por evolución de outras especies. Supoño que no principio había castiñeiro "bravos". E que o home primeiro lle aproveitou o froito tal como o daban, e logo foi descubrindo que uns castiñeiros daban millor froito que outros, e aprendeu a sementar castañas dos castiñeiros bos.

- Hai castiñeiros en Galicia. Hai castiñeiros en gran parte de Europa. E hai castiñeiros nas zonas templadas do Hemisferio Norte, nos continentes de Europa, Asia e América.

- Nun principio o castiñeiro vivía en áreas mais septentrionales das que hoxe habita, pero cando chegaron as glaciacións enfriou o clima e o castiñeiro retrocedeu, e en Europa refuxiouse na zona mediterránea. Máis tarde, cando o clima volveu a cacer un pouco, o castiñeiro volveu a extenderse pouco a pouco por outras zonas, pero moi lentamente debido a que a castaña pesa moito e non pode ser transportada polo vento, senon que para viaxar dun lugar a outro ten que ser levada por homes ou animais.

- No mundo enteiro, os países que máis castañas producen son: A China, Corea, Tuquía, Xapón, Italia, Francia, A China é o país do mundo que máis castañas produce. Na China o castiñeiro é unha árbore sagrada, e nese país as castañas teñen gran importancia na alimentación humana dende fai máis de 6.000 anos.

- O castiñeiro foi considerado en Norteamérica como a "árbore nacional" ou como "arbore de tódolos americanos". Pero en 1904 uns árbores procedentes de Asia levaron a América a enfermidade do "cancro" do castiñeiro, a cal ocasionou en poucas décadas a morte de máis de 40 millóns de castiñeiros, producindo a maior catástrofe forestal e ecolóxica que se recorda, e provocando a desaparición case que total do castiñeiro de Norteamérica. Eso deu lugar a que o castiñeiro fose substituído polo "roble" como árbore emblemática de Norteamérica.